

O vals da inocencia

ESTA temporda o CGAC recréanos coa obra dun elenco de artistas contemporáneos. Entre eles, Niko Pirosmani (1862-1918) brilla con luz propia. A figura deste grande artista quizais resulte descoñecida para o gran público, pero debemos consideralo como unha figura senlleira do movemento naifruso. Houbo que esperar á súa morte para que a crítica se decatase do seu gran talento creador. Hoxe en día, a súa figura foi rescatada da animadversión de moitos que non o viron senón como un pintor máis do gremio. Coa selección dunha trentena das súas obras, a mostra do CGAC permítenos profundar na súa obra. Somérxenos esta nun marco xeográfico e antropolóxico que espiritualiza unha rexión concreta, Xeorgia, a súa terra natal. Esta terra preséntasenos como unha realidade perceptible si, pero non aprehensible. A través dos seus lenzos decatámonos das cualidades do ser metafísico de Rusia. Igual que lles sucedía paralelamente a André Bauchant, Camille Bombois, por citar a algúns artistas naifs, os seus cadros emanan inxenuidade, tanto nas figuras como nas normas configurativas, como xa preconizaba Reynolds no sé-

culo XVIII: “A natureza non debe copiarse demasiado fielmente, un simple copista non pode producir nunca nada grandioso”.

Sen embargo, contemplando os seus cadros, constátase como o artista transfigura o realismo e o cotián. Frente a outros artistas da súa órbita como Rousseau, que se evadiu a mundos exóticos, Pirosmani o que fai é amosar vivencias e inspiracións do intramundo persoal no que se cría. Os seus bodegóns así somo os animais e personaxes que pozoan as súas teas encóntranse como perdidos buscando novos ideais. A fonda e angustiosa reflexión de tintes existencialistas do noso autor pódese constatar na súa tendencia a elixir paisaxes tenebrosos, solenes e nubosos. O xenio do artista alcanza momentos culminantes con esas miradas enigmáticas, parémonos a contemplar “a xirafa”. Constitúen elas auténticos retablos cargados de contido. Estamos ante unha pintura que nos retrotrae ó mundo dos nenos, neste sentido pódense sacar a colación aquelas palabras de Paul Dree en 1912 “Non te rías lector, os nenos tamén saben e o feito de que saiban encerra sabedoría”.

Fátima Otero